Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 25/05/2023 11:38:38
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 497
25 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Aprobación con modificacións

46732 (11/PNC-004030)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e trece deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro de Galicia 194321

Rexeitamento das iniciativas

36813 (11/PNC-003419)
Grupo Parlamentario dos de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputaados/as máis
Sobre a contratación por parte da Xunta de Galicia, durante seis meses, dun servizo de tractor e dunha brigada para a limpeza e mantemento do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés 194321

50444 (11/PNC-004304)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do monte da serra da Capelada, no concello de Cedeira 194322

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

53605 (11/PRE-018273)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as prácticas de estudantes de formación profesional nos arquivos da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza 194333

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53608 (11/PRE-018274)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego do Plan de choque da dependencia, do Goberno de España 194336

53667 (11/PRE-018275)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para loitar contra os delitos de tráfico de drogas e o incremento do seu consumo 194340

53670 (11/PRE-018276)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a aplicación no ámbito da CRTVG do novo marco legal do sector audiovisual en materia de igualdade e accesibilidade 194343

53675 (11/PRE-018277)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e Queixas Zas, Mercedes
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado polo cruceiro, a fonte e a ermida de Santa Margarida do Val, no concello de Narón 194348

53684 (11/PRE-018278)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre o desenvolvemento da oficina de rehabilitación de vivenda en Santiago de Compostela e as axudas á rehabilitación enerxética de vivendas e edificios residenciais 194351

53687 (11/PRE-018279)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a estratexia do Goberno galego en relación coa posibilidade de que a multinacional chinesa BYD instale unha xigafactoría de coches eléctricos en Galicia 194354

53703 (11/PRE-018280)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións do Goberno galego para erradicar as condicións de infravivenda que padece a poboación de etnia xitana en Maside 194356

53708 (11/PRE-018281)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre o nivel de cumprimento e implantación do sistema de integridade e prevención da corrupción na Xunta de Galicia 194360

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53713 (11/PRE-018282)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego para a implantación do novo plan de ordenación de recursos humanos da Consellería do Medio Rural 194364

53717 (11/PRE-018283)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre a integración entre a cidade de Vigo e o mar 194369

53724 (11/PRE-018284)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre o traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa dende o seu nacemento 194373

53729 (11/PRE-018285)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración do Goberno galego da Lei de vivenda recentemente aprobada no Congreso dos Deputados 194379

53734 (11/PRE-018286)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre a defensa e promoción da lingua galega por parte da Corporación de Radio e Televisión de Galicia 194384

53736 (11/PRE-018287)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o proceso de selección para a praza de auxiliar de biblioteca da Lama 194388

1.4.5. Respostas a preguntas

53665 - 44556 (11/PRE-014699)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre o trazado da liña de alta tensión da subestación eléctrica de Abegondo 194391

53664 - 44557 (11/PRE-016114)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre o proxecto de Rede Eléctrica Española do trazado da liña de alta tensión que determine a localización exacta da subestación eléctrica de Abegondo 194393

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53663 - 44862 (11/PRE-016141)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre o proxecto de Reganosa e EDP para instalar unha fábrica de hidróxeno das Pontes 194395

53662 - 46792 (11/PRE-017685)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa habilitación de axudas extraordinarias para afrontar os danos ocasionados polas choivas do 1 de xaneiro de 2023 na comarca do Baixo Miño 194397

53661 - 48304 (11/PRE-017788)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre o estado do expediente de restauración da antiga canteira de Niveiro 194399

53660 - 48434 (11/PRE-017806)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre os recursos do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia dedicados ao bono social térmico e ao bono social eléctrico durante os anos 2020-2022 194401

53659 - 51345 (11/PRE-018023)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión 194403

53658 - 51776 (11/PRE-018084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego de impulsar unha empresa pública de enerxía 194406

53657 - 52318 (11/PRE-018142)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da evolución do prezo dos alimentos e das súas repercusións económicas e sociais 194408

53656 - 52534 (11/PRE-018161)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a vertedura nos ríos Maruzo e Gaiteiro en Frades 194411

53655 - 52553 (11/PRE-018164)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Carreira Pazos, Iria e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións do Goberno galego de construír un centro de día público no concello de Teo 194414

53654 - 52558 (11/PRE-018165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis
Sobre as verteduras de augas residuais á ría na cidade de Vigo 194417

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 30 de maio de 2023, ás 10.00 horas) 194326

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de maio de 2023, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo 194330

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 23 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 46732 (11/PNC-004030)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e trece deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro de Galicia
BOPG nº 436, do 12.01.2023

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar a presión negociadora necesaria co obxecto de que se aplique a rebaixa tributaria dos alimentos básicos e que se consideren produtos de primeira necesidade tamén por parte do Goberno central a carne e o peixe —e as súas conservas—, co fin último de estimular a demanda interna e mellorar as previsións de crecemento da economía de ambos os dous sectores, evitando o prexuízo derivado da iniciativa recentemente aprobada polo Goberno de España.

Que a Xunta de Galicia volva reiterar ao Goberno de España a necesidade de ter en conta as peculiaridades territoriais da nosa comunidade na distribución dos fondos recollidos no Real decreto lei sobre medidas urxentes para paliar a seca e os efectos da invasión rusa de Ucraína en beneficio do sector primario e, en especial, a favor do vacún de carne, e rectifique os criterios de repartición para que os gandeiros galegos perciban o 100 % das axudas directas previstas.»

Rexeitamento das iniciativas

- 36813 (11/PNC-003419)
Grupo Parlamentario dos de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputaados/as máis
Sobre a contratación por parte da Xunta de Galicia, durante seis meses, dun servizo de tractor e dunha brigada para a limpeza e mantemento do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés
BOPG nº 350, do 26.07.2022

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 6 votos en contra e 0 abstencións.

- 50444 (11/PNC-004304)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do monte da serra da Capelada, no concello de Cedeira
BOPG nº 461, do 01.03.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 6 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 53605 (11/PRE-018273)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as prácticas de estudantes de formación profesional nos arquivos da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza

- 53608 (11/PRE-018274)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego do Plan de choque da dependencia, do Goberno de España

- 53667 (11/PRE-018275)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para loitar contra os delitos de tráfico de drogas e o incremento do seu consumo

- 53670 (11/PRE-018276)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a aplicación no ámbito da CRTVG do novo marco legal do sector audiovisual en materia de igualdade e accesibilidade

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 53675 (11/PRE-018277)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e Queixas Zas, Mercedes
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado polo cruceiro, a fonte e a ermida de Santa Margarida do Val, no concello de Narón

- 53684 (11/PRE-018278)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre o desenvolvemento da oficina de rehabilitación de vivenda en Santiago de Compostela e as axudas á rehabilitación enerxética de vivendas e edificios residenciais

- 53687 (11/PRE-018279)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a estratexia do Goberno galego en relación coa posibilidade de que a multinacional chinesa BYD instale unha xigafactoría de coches eléctricos en Galicia

- 53703 (11/PRE-018280)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións do Goberno galego para erradicar as condicións de infravivenda que padece a poboación de etnia xitana en Maside

- 53708 (11/PRE-018281)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre o nivel de cumprimento e implantación do sistema de integridade e prevención da corrupción na Xunta de Galicia

- 53713 (11/PRE-018282)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego para a implantación do novo plan de ordenación de recursos humanos da Consellería do Medio Rural

- 53717 (11/PRE-018283)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre a integración entre a cidade de Vigo e o mar

- 53724 (11/PRE-018284)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre o traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa dende o seu nacemento

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 53729 (11/PRE-018285)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración do Goberno galego da Lei de vivenda recentemente aprobada no Congreso dos Deputados

- 53734 (11/PRE-018286)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre a defensa e promoción da lingua galega por parte da Corporación de Radio e Televisión de Galicia

- 53736 (11/PRE-018287)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o proceso de selección para a praza de auxiliar de biblioteca da Lama

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 53665 - 44556 (11/PRE-014699)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre o trazado da liña de alta tensión da subestación eléctrica de Abegondo

- 53664 - 44557 (11/PRE-016114)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre o proxecto de Rede Eléctrica Española do trazado da liña de alta tensión que determine a localización exacta da subestación eléctrica de Abegondo

- 53663 - 44862 (11/PRE-016141)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre o proxecto de Reganosa e EDP para instalar unha fábrica de hidróxeno das Pontes

- 53662 - 46792 (11/PRE-017685)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa habilitación de axudas extraordinarias para afrontar os danos ocasionados polas choivas do 1 de xaneiro de 2023 na comarca do Baixo Miño

- 53661 - 48304 (11/PRE-017788)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre o estado do expediente de restauración da antiga canteira de Niveiro

- 53660 - 48434 (11/PRE-017806)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre os recursos do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia dedicados ao bono social térmico e ao bono social eléctrico durante os anos 2020-2022

- 53659 - 51345 (11/PRE-018023)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión

- 53658 - 51776 (11/PRE-018084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego de impulsar unha empresa pública de enerxía
BOPG n.º 475, do 30.03.2023

- 53657 - 52318 (11/PRE-018142)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da evolución do prezo dos alimentos e das súas repercusións económicas e sociais

- 53656 - 52534 (11/PRE-018161)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a vertedura nos ríos Maruzo e Gaiteiro en Frades

- 53655 - 52553 (11/PRE-018164)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións do Goberno galego de construír un centro de día público no concello de Teo

- 53654 - 52558 (11/PRE-018165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis
Sobre as verteduras de augas residuais á ría na cidade de Vigo

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 30 de maio de 2023, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 30 de maio de 2023, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 23 de maio de 2023, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Comparecencia

1.1 53803 (11/CPP-000127)
Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre políticas de vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

Punto 2. Mocións

2.1 53593 (11/MOC-000158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 41335, publicada no BOPG núm. 386 do 27 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 9 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

2.2 53613 (11/MOC-000159)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra
Sobre a vivenda pública e protexida (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 52572, publicada no BOPG núm. 483 do 19 de abril de 2022, e debatida na sesión plenaria do 9 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 41590 (11/PNP-003516)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

3.2 45188 (11/PNP-003836)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 7 deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para reiterar a necesidade de deseñar unha proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade con criterios homologables e uniformes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

3.3 50219 (11/PNP-004140)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis
Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a cogobernanza real e efectiva coas comunidades autónomas do ecosistema industrial español, así como dos fondos Next Generation UE destinados á industria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 458, do 22.02.2023

3.4 51606 (11/PNP-004270)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 21.03.2023

3.5 53033 (11/PNP-004392)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de explotación da mina de San Fins, en Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

3.6 53427 (11/PNP-004432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

Punto 4. Interpelacións

4.1 33049 (11/INT-001669)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

4.2 49972 (11/INT-002388)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre o abandono de explotacións agrarias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

4.3 50311 (11/INT-002408)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

4.4 51154 (11/INT-002448)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 53797 (11/POPX-000107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre os cambios que prevé realizar a Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia na resposta do Goberno aos problemas da sociedade galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

5.2 53800 (11/POPX-000108)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre como valora o presidente da Xunta a situación social e económica de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 52851 (11/POP-008142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama
Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 45898 (11/POP-006856)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a información da que dispón o Goberno galego sobre a entrada en servizo na rede ferroviaria da nosa Comunidade Autonómica dos trens Avril, que permitan garantir os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.3 53790 (11/PUP-000337)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a previsión da Xunta de Galicia de facer un plan de conservación das estradas de competencia autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

6.4 53118 (11/POP-008180)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as previsións respecto da regulación da aprendizaxe do idioma portugués nos centros de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

6.5 53528 (11/POP-008226)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

6.6 49123 (11/POP-007575)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e tres deputados/as máis
Sobre os problemas no centro terapéutico ocupacional público de Souto de Leixa, no concello de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

6.7 52037 (11/POP-008043)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre o impacto que está a supoñer a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos no número de matriculacións neste curso e na economía das familias galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

6.8 52744 (11/POP-008129)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das casas niño sete anos despois da súa posta en funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

6.9 53770 (11/PUP-000336)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante as perdas causadas pola seca na produción agrogandeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Valedor do Pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de maio de 2023, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o persoal ao servizo do Valedor do Pobo depende orgánica, funcional e disciplinariamente da valedora do pobo e rexerase polas normas de réxime interior recollidas na súa disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

O cadro de persoal ou relación de postos de traballo, de acordo co parágrafo 2 do dito artigo, será aprobado pola Mesa do Parlamento, por proposta da persoa titular da institución.

A relación de postos de traballo configúrase como o instrumento técnico a través do cal se leva a cabo a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo, segundo establece o artigo 19 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a súa denominación, situación na estrutura orgánica, forma de provisión, grupo, corpo e escala, nivel, complemento específico e requisitos para o seu desempeño.

A relación de postos de traballo debe ser un instrumento dinámico que responda ás necesidades reais da institución en cada momento e, por tanto, susceptible de ser modificada para adaptarse ás exixencias que lle impón o deber de prestar de forma eficiente o exercicio da defensa dos dereitos dos cidadáns.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 14 de febreiro de 2023, aprobou a modificación do artigo 24 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, conforme o disposto nas normas para a súa tramitación (acordo da Mesa do Parlamento do 4 de decembro de 1995). O dito acordo publicouse por Resolución do 24 de febreiro de 2023 *(Diario Oficial de Galicia* núm. 44, e *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 463, ambos do 3 de marzo).

A dita modificación establece as competencias do que desenvolverá, baixo a supervisión do secretario xeral, a xefatura do Servizo de Administración e Persoal e engade un artigo 24.*bis* ao regulamento, no que se establece que, existindo unha xefatura de Servizo Económico-Financeiro, que desenvolverá, baixo a supervisión do secretario xeral, as funcións en materia económico- financeira que nel se establecen, funcións que en parte estaba desenvolvendo a Xefatura do Servizo II, que figura co número de orde 9, do Acordo da Mesa do Parlamento do 21 de xaneiro de 2020, polo que se modifica a RPT do Valedor do Pobo (BOPG núm. 596, do 22 de xaneiro).

De acordo co anterior, proponse a modificación da relación de postos de traballo da institución do Valedor do Pobo que figura a continuación:

1. *Modificación da denominación do posto de xefe/a do Servizo II, que pasa a denominarse xefe/a do Servizo Económico-Financeiro*

O posto de xefe/a do Servizo II, que figura co número de orde 9 no Acordo da Mesa do Parlamento do 21 de xaneiro de 2020 polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo (BOPG nº 596, do 22 de xaneiro), pasa a denominarse xefe/a do Servizo Económico-Financeiro, de acordo coa modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo aprobada pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia o 14 de febreiro de 2023.

Non se modifica a súa situación na estrutura orgánica, forma de provisión, grupo, corpo e escala, nivel, complemento específico nin requisitos para o seu desempeño.

Por resolución da valedora do pobo procederase á readscrición do funcionario que ocupa o posto cuxa denominación se modifica, unha vez aprobada a modificación da relación de postos de traballo.

2. *Negociación da modificación da relación de postos de traballo*

De conformidade co disposto no capítulo XII do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, someteuse a presente proposta de modificación á consideración das organizacións sindicais máis representativas, en reunión que tivo lugar o 5 de maio de 2023.

3. *Financiamento da modificación da relación de postos de traballo*

A modificación da relación de postos de traballo proposta non supón incremento de gasto, ao modificarse unicamente a denominación do posto para adaptalo á modificación do Regulamento de organización e funcionamento.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Visto o informe-proposta de modificación presentado pola persoa titular do Valedor do Pobo, a Mesa, conforme o disposto no artigo 10.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modifícase a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo nos termos seguintes:

Cámbiase a denominación da praza núm. 9 da relación de postos de traballo da forma seguinte:

Orde	Unidade orgánica	Denomina-ción	Nivel	Comple-mento específico (C/ano)	Grupo	Corpo	Tipo de posto	Forma pro-visión	Observacións
9	Servizos adminis-trativos	Xefe/a do Servizo Económico-Financeiro	28	31.391,22	A	Superior	N	LD	Persoal funcionario. Lic. Dereito

Segundo. Este acordo de modificación producirá efectos desde o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2023
Mª Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2023 11:41:22
Nº Rexistro: 53605
Data envio: 12/05/2023 11:41:22.698

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, **Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No arquivo da área especializada da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza do Sergas están realizando prácticas nestes momentos sete alumnos e alumnas do ciclo superior de Formación Profesional en Documentación e Administración Sanitarias.

Estes estudos capacitan para, unha vez rematados, organizar procesos de tratamento da información e a documentación clínica, extraendo e rexistrando datos, codificándoos e validando a información así como intervir nos procesos de atención e xestión de pacientes e de xestión administrativa en centros sanitarios.

Mais todo ese traballo debe ser realizado por profesionais xa titulados e contratados pola Administración sanitaria e non por alumnado en prácticas, como está a acontecer.

A ese alumnado en prácticas subministráronselles os permisos necesarios para acceder a historiais clínicos dos doentes da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ou descargar informes médicos, ademais de ter tamén validadas sinaturas electrónicas, de maneira que están realizando o traballo que ten que desenvolver exclusivamente persoal profesional cualificado do Sergas.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Resulta inadmisible que isto estea acontecendo cando o acceso a esa información sensible está vetado ao estudantado que está a realizar as prácticas de último ano de medicina e mesmo a boa parte do persoal sanitario.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno galego que estudantes de FP en prácticas poidan acceder con total normalidade a historiais clínicos de doentes da área hospitalaria de Santiago de Compostela e Barbanza?

2. Está realizando ese alumnado funcións que son propias do persoal traballador cualificado?

3. Cales son as funcións establecidas normativamente do alumnado en prácticas do ciclo superior de FP en Documentación e Administración Sanitarias?

4. Que documentación concreta está asinando dixitalmente o alumnado en prácticas do ciclo superior de FP en Documentación e Administración Sanitarias?

Parlamento de Galicia, 12 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/05/2023 11:29:31

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2023 11:41:22
Nº Rexistro: 53605
Data envio: 12/05/2023 11:41:22.698

Grupo Parlamentario Socialista

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2023 11:29:44

Marina Ortega Otero na data 12/05/2023 11:29:54

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2023 11:43:02
Nº Rexistro: 53608
Data envio: 12/05/2023 11:43:02.979

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e **Julio Torrado Quintela**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Entre os antecedentes inmediatos respecto aos datos da axudas á dependencia en Galicia hai que citar o XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais do ano pasado, onde puxo de manifesto que Galicia era unha das CC.AA que peor posición ocupaba de toda España na escala de valoración do dito observatorio estatal para a dependencia. Hai máis de dous anos a Consellería de Política Social anunciaba un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia na provincia de Ourense, e tempo despois anunciaba medidas para toda Galicia. Lonxe de incrementar significativamente os equipos como o fixeron noutras CC.AA, ou tomar medidas de calado para mellorar as axudas á dependencia, tivemos que agardar certas melloras en Galicia grazas ao *Plan de choque para la mejora de la dependencia* que elaborou o Goberno de España.

Hai que ter en conta que medidas do Goberno galego como facer valoracións de discapacidade de xeito telemático supuxo un retroceso nos seus dereitos, feito que aconteceu trala pandemia e demorouse no tempo, e derivou en resolucións de porcentaxe de discapacidade inferiores respecto a outros anos o cal está directamente relacionado co tipo de servizos ou prestacións destas persoas, moitas delas tamén dependentes.

Máis recentemente o último informe do XXIII Observatorio da Dependencia da Asociación Estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais deste ano, engade con detalle as consecuencias positivas do Plan de choque do Goberno de España, con melloras sen precedentes a nivel Estatal. Non obstante, o Goberno galego segue a avanzar menos do esperado en comparativa co resto das CC.AA a pesar de ter máis

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fondos estatais que nunca. En concreto especifica que o *Plan de Choque para la Mejora del Sistema de la Dependencia* do Goberno de España supuxo un aumento no financiamento das CC.AA de máis de 1.800 millóns de euros nos anos 2021 e 2022, e en 2023 incrementarase a outros 1.800 millóns. Para Galicia supón unha cantidade adicional de 109,1 millóns de euros.

Mediante o Plan de choque do Goberno de España o Goberno galego logrou incrementar un 4,68 % a atención das persoas dependentes, non obstante, máis baixa que a media estatal que incrementou esta atención un 7,47 %. Ademais a execución en Galicia das medidas do Plan de choque do Goberno estatal permitiu atender no último ano a máis de 3.000 novos dependentes (91.295 en toda España), así como lograr unha redución dun 18,59 % a lista de espera e a creación de 1.622 novos postos de traballo (32.522 en toda España).

A maioría de parámetros en relación ás axudas á dependencia en Galicia amosan crecementos mínimos afastados da media do resto de CC.AA do país, ademais entre o tipo de recursos tamén existen diferenzas, de feito a maioría dos PIA que se resolven en Galicia corresponden a Teleasistencia e SAF, deixando a mínimos recursos como centros de día, prestación por coidados no contorno familias e máis de 200 prazas residenciais de déficit que aínda non se recuperaron ao respecto do nivel prepandemia.

O SAF é o servizo máis utilizado cunha intensidade de horas por dependente de 44,92 ao mes. Trátase dun servizo complementario que debería ir acompañado dalgún servizo ou libranza adicional dependendo do grao de dependencia do solicitante. Polo que é fundamental saber cantas persoas con grao II e III teñen un PIA resolto cun SAF, e se ademais teñen outra libranza ou servizo adicional.

Os resultados do Estudo da Asociación Estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais sobre dependencia en España revela textualmente que: "*El gobierno de España cumple con el aumento presupuestario del Plan de choque para la Dependencia (Desde hace una década no se obtenían datos tan positivos) pero la burocracia y la impericia*

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de algunos gobiernos autonómicos no permiten lograr el objetivo de la reducción de la lista de espera, incrementar las prestaciones y servicios y ni siquiera ejecutar el incremento presupuestario. En el primer año del plan de choque, diez gobiernos de comunidades autónomas hicieron caja con el incremento presupuestario que realizó la Administración General del Estado", unha das cales é o Goberno autonómico de Galicia.

Así mesmo o informe especifica que: "*Del gasto público directo en dependencia en 2022, la Administración General del Estado ha aumentado en 1.842 millones de euros la Financiación, llegando al 33,9% del gasto público mientras que las CCAA han reducido su aportación y disminuyen su porcentaje de financiación hasta el 66,1%. El recorte acumulado de la AGE en dependencia, tras el RD-ley 20/2012, (al que puso fin el Plan de Choque) ha sido de 6.321 millones de euros".*

En definitiva, as melloras a respecto dos tempos de espera e das axudas á dependencia grazas ao Goberno estatal non serán suficientes se o Goberno galego non toma medidas de calado dende as competencias autonómicas no momento en que máis fondos estatais e europeos hai. É importante que se incremente significativamente o persoal de servizos sociais e dos equipos de valoración, así como o investimento por habitante potencialmente dependente a o incremento das libranzas vinculadas á contorna familiar acompañado dun plan de corresponsabilidade, entre outras libranzas e servizos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Considera necesario a Consellería de Política Social aumentar o persoal nos EVD e o persoal dos servizos sociais?

2. Que valoración fai o Goberno galego do "Plan de Choque de la Dependencia" do Goberno de España?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

3. Que medidas ou recursos van investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos que establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia?

4. Cales son as listas de espera por cada provincia e por cada servizo ou libranza, incluíndo as solicitudes sen gravar no sistema?

5. Cantas persoas con dependencia en grao II e III teñen resolto un PIA co servizo do SAF, e cantas delas teñen outro tipo de libranza ou servizo e cales en concreto?

6. Cantos expedientes modificaron de oficio o PIA de persoas solicitantes ou usuarias da libranza vinculada á contorna familiar por SAF, nos últimos 10 anos?

Parlamento de Galicia, 11 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/05/2023 16:31:02

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2023 16:31:19

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 10:44:57
Nº Rexistro: 53667
Data envio: 15/05/2023 10:44:57.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que ten previsto aplicar o goberno galego para incrementar a persecución dos delitos de tráfico de drogas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As últimas estatísticas sobre criminalidade publicadas polo Ministerio do Interior evidencian un preocupante incremento da actividade delitiva xeral e dos delitos relacionados con tráfico de drogas en particular, podendo equipararse aos peores momentos das series históricas publicadas.

O incremento entre os anos 2021 e 2022 dos delitos de tráfico de drogas denunciados é dun 10%, superior a media do incremento da actividade delitiva xeral que medra nun 7,7%.

Esta realidade foi recentemente denunciada polos propios axentes dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado. Así recentemente o Sindicato Unificado de Policía manifestou a súa preocupación polo alza do consumo de drogas en Galiza, debido aos excedentes existentes en Sudamérica, Turquía e Países Baixos que provoca unha rebaixa nos prezos da cocaína e da heroína, e facilita a súa comercialización e o incremento do consumo.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 10:44:57
Nº Rexistro: 53667
Data envio: 15/05/2023 10:44:57.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O referido sindicato policial, sen obviar a preocupación polo incremento da actividade delitiva contra outros bens xurídicos, reclama “respaldo xurídico e medidas contundentes contra traficantes”, así como xa ten constatado a insuficiencia de medios materiais e dos cadros de persoal para atender as funcións que ten conferidas o corpo policía.

Entendemos resulta ocioso, por xa coñecidos, lembrar os devastadores efectos para a saúde do consumo de drogas tóxicas, que esnaquiza as vidas das persoas e das familias, provocando, asemade, un incremento da delincuencia, da violencia e da corrupción.

Ante as manifestacións realizadas polos referidos axentes, así como ante situación que evidencian as estatísticas anuais sobre criminalidade en Galiza, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia dun incremento das denuncias por tráfico de drogas en Galiza?

No seu caso, cales son as razóns para ese incremento?

Ten percibido a Xunta de Galiza un aumento en Galiza do consumo de drogas tóxicas, particularmente de cocaína e heroína?

Que medidas ten previsto implementar a Xunta de Galiza para intensificar a persecución dos delitos de tráfico de drogas?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 10:44:57
Nº Rexistro: 53667
Data envio: 15/05/2023 10:44:57.919

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que os medios materiais e persoais dos que actualmente dispoñen os Corpos e Forzas de Seguridade de Galiza son abondos para atender este incremento de actividade delitiva en materia de tráfico de drogas tóxicas?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2023 10:41:11

Iria Carreira Pazos na data 15/05/2023 10:41:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/05/2023 10:41:27

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 11:02:07
Nº Rexistro: 53670
Data envio: 15/05/2023 11:02:07.450

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e **Noa Díaz Varela**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O sector audiovisual conta desde hai case un ano cun novo marco legal que veu dar resposta e adaptar a directiva estatal ao mandato da UE a través da aprobación da Lei xeral de comunicación audiovisual, Lei 13/2022, do 7 de xullo. A LGCA actualizou a regulación audiovisual ante a irrupción de novos axentes, a diversificación de formatos audiovisuais e a fragmentación da audiencia, creando novas categorías de servizos, equiparando algunhas obrigacións prestando especial atención a aspectos como a protección dos menores, a promover a igualdade de xénero e a accesibilidade dos contidos.

Pasados xa varios meses desde a entrada en vigor da LGCA e, polo tanto, con marxe para desenvolver as ferramentas e decisións no ámbito da CRTVG encamiñadas a cumprir este mandato legal, desde o Grupo Parlamentario Socialista observamos certo desleixo nalgúns aspectos capitais especialmente tratándose de medios públicos.

No Título I entre os Principios xerais da comunicación audiovisual no artigo 4 sobre a Dignidade humana manifesta que *a comunicación audiovisual non incitará á violencia, ao odio ou á discriminación contra un grupo ou membros dun grupo por razón de idade, sexo, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero, raza, cor, orixe étnica ou social, características sexuais ou xenéticas, lingua, relixión ou crenzas, opinións políticas ou de calquera outro tipo, nacionalidade, patrimonio ou nacemento.*

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No artigo 5, punto 3. *Promoverase a autorregulación para adoptar códigos de conduta en materia de pluralismo interno dos prestadores do servizo de comunicación audiovisual.*

Artigo 6. Igualdade de xénero e imaxe das mulleres.

1. A comunicación audiovisual transmitirá unha imaxe igualitaria e non discriminatoria de mulleres e homes e non favorecerá, directa ou indirectamente, situacións de discriminación por razón de sexo, desigualdade das mulleres ou que inciten á violencia sexual ou de xénero.

2. Promoverase a autorregulación que contribúa ao cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes e que garanta un acceso e unha representación igualitaria das mulleres no sector audiovisual, así como en postos de responsabilidade directiva e profesional.

3. Promoverase a autorregulación para garantir comunicacións comerciais audiovisuais non sexistas, tanto na linguaxe como no contido e imaxes, e libres de estereotipos de xénero.

Artigo 7. Persoas con discapacidade.

3. Garantirase a accesibilidade universal do servizo de comunicación audiovisual nos termos previstos nos títulos IV e VI.

En concreto obriga a financiar as adaptacións necesarias nos seus servizos para prestalos de forma accesible e a garantir o cumprimento progresivo dos requisitos de calidade do subtitulado e da audiodescripción conforme á normativa.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Lei esixe garantir especialmente o dereito das persoas con discapacidade nos programas informativos e nas informacións relativas a situacións de emerxencia, como a vivida na pandemia. Establece, no caso dos medios públicos para garantir a accesibilidade dos contidos, un mínimo do noventa por cento dos programas difundidos subtitulados e, en todo caso, subtitulado dos programas emitidos no horario de máxima audiencia; un mínimo de quince horas semanais de programas que inclúan lingua de signos, prioritariamente emitidos en horario de máxima audiencia, entre os que deberán incluír noticiarios, programación infantil, programas de contido informativo de actualidade, programas relacionados cos intereses dos consumidores ou servizos relixiosos; un mínimo de quince horas semanais de programas audiodescritos, prioritariamente emitidos en horario de máxima audiencia, entre os que deberán incluír películas cinematográficas de calquera xénero incluído documental e animación, películas para televisión de calquera xénero incluído documental e animación e series.

A pesar de ter preguntado ao director xeral da CRTVG neste parlamento arredor dos avances para paulatinamente acadar esta accesibilidade mínima, pasados estes meses aínda se continúa moi lonxe deste obxectivo. Do mesmo xeito, a ausencia do Plan de igualdade, da figura da Editora de Igualdade, Guía de Igualdade ou calquera que sexa unha ferramenta para velar por uns contidos en consonancia co marco legal que obriga a contar con ferramentas de autorregulación, ou un Consello de Informativos obriga a lembrar e interpelar arredor da necesidade e da obriga de adaptar os medios públicos galegos ás esixencias legais a nivel estatal e europeo.

Ante esta situación as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 11:02:07
Nº Rexistro: 53670
Data envio: 15/05/2023 11:02:07.450

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

1. Que pasos se teñen dado desde a entrada en vigor do novo marco legal para a Comunicación Audiovisual para dar cumprimento a estes aspectos básicos e fundamentais da Lei?

2. Porque razón non se teñen desenvolvido as ferramentas de auto regulamento que marca a LGCA en materia de Igualdade ou accesibilidade?

3. Vai cumprir a CRTVG a Lei?

4. Desde a pregunta sobre a insuficiente porcentaxe de programación accesible debatida nesta comisión hai uns meses por parte deste grupo parlamentario, e a vontade expresada polo director xeral nela de camiñar cara a ampliación da programación especialmente informativa e en horario de máxima audiencia subtitulada que se ten feito?

5. Considera que os medios públicos galegos poden seguir sendo unha excepción en negativo en canto á autorregulación dos contidos en materia de igualdade de xénero?

Parlamento de Galicia, 12 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 11:02:07
Nº Rexistro: 53670
Data envio: 15/05/2023 11:02:07.450

Grupo Parlamentario Socialista

Noelia Otero Lago na data 12/05/2023 12:25:01

Noa Susana Díaz Varela na data 12/05/2023 12:25:18

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 12:06:03
Nº Rexistro: 53675
Data envio: 15/05/2023 12:06:03.372

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e **Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a posta en valor da ermida de Santa Margarida no Concello de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A capela de Santa Margarida, situada na parroquia do Val, no Concello de Narón, forma parte dunha rede de capelas co selo da Orde de San Xoan, idéntica á primitiva igrexa de Santo André de Teixido, e xunto cos demais elementos patrimoniais que a rodean, fonte e cruceiro, é unha das xoias do patrimonio histórico do Concello de Narón e da comarca de Ferrol.

Data do primeiro terzo do século XVI, puido ser construída por Fernando de Andrade e a súa esposa Inés de Castro e Lanzós, e foi no seu día hospedaxe e hospital para peregrinos, así como lugar onde se celebraba unha das principais feiras da comarca até mediado o século XX, dedicada aos produtos de madeira.

Como a tantas outras fontes do noso país a esta, situada ao pé da ermida, tamén se lle atribúen poderes “milagreiros”. Conta con dous canos con forma de peitos, un baixo a advocación de Santa de Lucía, ao que se lle atribúe o poder de curar males relacionados coa vista, e outro baixo a advocación de Santa Margarida, ao que lle atribúen poderes relacionados coa fertilidade.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 12:06:03
Nº Rexistro: 53675
Data envio: 15/05/2023 12:06:03.372

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dun conxunto patrimonial histórico, artístico, e inmaterial da máxima relevancia, do que a ermida é o seu elemento máis importante e que hoxe en día está absolutamente degradada, até o punto de non poder celebrarse ningún acto litúrxico no seu interior, como viña sendo habitual polo menos nas festas patronais que se celebran sempre a primeira fin de semana de xullo de cada ano.

A restauración da capela ademais de ser unha urxencia para veciños e veciñas, sería a ocasión para retirar elementos alleos como un cadro eléctrico ou a uralita do tellado, e combinada coa posta en valor de todo o conxunto sería unha gran oportunidade para recuperar as tradicións, a feira, e dar a coñecer tanto á poboación da comarca como ás persoas que nos visitan, dun xeito moi directo e moi gráfico, como se produce unha evolución cultural a través das súas diferentes manifestacións, pagáns e cristiáns, mais en todo caso sempre populares e integradas no día a día.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza a situación de deterioro da Capela de Sta. Margarida do Val no concello de Narón?

. Coñece a Xunta de Galiza o valor de todo o conxunto que forma a ermida coa fonte e máis co cruceiro?

. Coñece a Xunta de Galiza que ese lugar foi hospedaxe e hospital de peregrinos?

. Coñece a Xunta de Galiza que nese lugar tiña lugar unha das principais feiras da comarca dedicadas á madeira?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 12:06:03
Nº Rexistro: 53675
Data envio: 15/05/2023 12:06:03.372

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten algún plan a Xunta de Galiza para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado pola ermida de Santa de Margarida no Val (Concello de Narón) o seu cruceiro e a súa fonte?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2023 11:59:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/05/2023 11:59:54

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

194350

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 16:57:45
Nº Rexistro: 53684
Data envio: 15/05/2023 16:57:45.125

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Leticia Gallego Sanromán e **Martín Seco García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Consello da Xunta do 11 de maio, o presidente da Xunta de Galicia anunciaba que no mes de maio se convocarán tres programas de axudas para impulsar a rehabilitación enerxética de vivendas e edificios residenciais por 43,1 millóns de euros que veñen a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia aprobado polo Goberno do Estado, na mesma comparecencia facíase referencia a un informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre as convocatorias dos dous anos destas tres liñas de subvencións.

Por outra banda, tamén se informaba de que no mes de marzo do ano pasado se abrira a Oficina de rehabilitación de vivenda en Santiago co obxectivo de asesorar e dar a coñecer entre os seus potenciais beneficiarios os novos programas de subvencións financiados con fondos europeos en materia residencial.

Por estas razóns, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é a contía total prevista pola Xunta de Galicia que será achegada polo Goberno do Estado para impulsar a rehabilitación enerxética de vivendas e edificios residenciais en 2023?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Cal foi a contía total achegada polo Goberno do Estado para impulsar a rehabilitación enerxética de vivendas e edificios residenciais en 2022?

3. Cal foi a execución total das achegas do exercicio 2022?

4. Canto achegou a Xunta de Galicia de fondos propios nos últimos 5 anos para impulsar a rehabilitación enerxética de vivendas e edificios residenciais?

5. Cal é o contido do informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre as convocatorias, por segundo ano consecutivo, destas tres liñas de subvencións?

6. Existe algún informe sobre o desenvolvemento da Oficina de rehabilitación de vivenda en Santiago? De ser así, cal é o seu contido?

7. Cantas potenciais beneficiarios destes programas de subvencións foron atendidos pola dita oficina?

8. Como se chega aos potenciais beneficiarios a través da Oficina de rehabilitación de vivenda?

9. A dita oficina de rehabilitación de vivenda establece algún mecanismo de información e/ou colaboración cos concellos galegos co fin de que a información chegue a todos os beneficiarios potenciais?

Parlamento de Galicia, 15 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 16:57:45
Nº Rexistro: 53684
Data envio: 15/05/2023 16:57:45.125

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/05/2023 16:52:09

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/05/2023 16:52:28

Martín Seco García na data 15/05/2023 16:52:39

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 17:18:33
Nº Rexistro: 53687
Data envio: 15/05/2023 17:18:33.313

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita.**

O grupo automobilístico chinés BYD, líder mundial en vehículos eléctricos, fixo pública a súa intención de desembarcar no continente europeo, nunha estratexia na cal Galicia podería ser un enclave potencial para o establecemento dunha factoría.

De feito, existen informacións que recollen que a multinacional chinesa mantivo contactos co Goberno da Xunta de Galicia, nos que concretou que necesitaría un millón de metros cadrados de solo industrial para a instalación dunha xigafactoría que se podería instalar no sur da nosa comunidade.

Trátase este dun asunto de enorme relevancia para a estratexia industrial galega, e especialmente para o noso sector automobilístico, referenciado en torno á factoría viguesa de produción automobilística e todo o clúster galego da automoción. Cómpre acertar na estratexia de futuro, priorizando o mantemento e a promoción da industria existente, e á vez buscando atraer novos investimentos que permitan xerar emprego e riqueza en Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 17:18:33
Nº Rexistro: 53687
Data envio: 15/05/2023 17:18:33.313

Grupo Parlamentario Socialista

Que estratexia ten o Goberno da Xunta en relación coa posibilidade de que a multinacional chinesa BYD poida instalar unha xigafactoría de coches eléctricos en Galicia?

Parlamento de Galicia, 15 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/05/2023 17:13:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/05/2023 17:13:28

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 11:40:52
Nº Rexistro: 53703
Data envio: 16/05/2023 11:40:52.826

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as previsións do Goberno galego para erradicar as condicións de infravivenda que padece a poboación de etnia xitana en Maside e desenvolver o proxecto que paralizou durante máis de dez.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a unha vivenda digna é un dereito humano que debe ser garantido por parte das institucións públicas. Porén, a día de hoxe, é un dos principais problemas sociais e a principal causa de empobrecemento dos fogares, tal e como alertan diferentes indicadores e estudos cuantitativos e cualitativos como os que desenvolve a Rede Galega contra a Pobreza. Esta situación agrávase por mor das consecuencias socieconómicas da pandemia da covid-19, pola situación de crise de prezos e polos 14 anos de incumprimentos do goberno da Xunta de Galiza en materia de política social e vivenda. Cómpre lembrar, por exemplo, que durante estes anos o goberno galego entre o 2014 e o 2018, só construíu unha vivenda protexida destinada a alugueiro e, con cargo ao Plan de Vivenda 2014-2021, só se construíron 39 inmobles despois de ter anunciada a construción de 800. Todo isto nun país con 16.500 persoas inscritas no Rexistro de demandantes de vivenda protexida e cun 23,6% da poboación en risco de pobreza, contando co pagamento da vivenda como un dos elementos que máis empobrece á cidadanía.

Antes da pandemia, Galiza xa era a comunidade autónoma en peor situación, cun 35% da súa poboación, case un millón de persoas, afectada por algún indicador de

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 11:40:52
Nº Rexistro: 53703
Data envio: 16/05/2023 11:40:52.826

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exclusión na vivenda, fronte a un 23,7% estatal (infravivenda, deficiencias graves na construción, insalubridade, amontoamento, tenencia da vivenda en precario, contorna degradada, fogares con barreiras arquitectónicas ou desproporción de gastos en vivenda fronte a ingresos), unha porcentaxe que se eleva ao 66% na poboación en exclusión severa.

Neste contexto, se o acceso a unha vivenda digna é unha dificultade xeralizada, éo máis aínda para aqueles sectores da sociedade máis vulnerábeis ou damnificados. Entre eles, cabe salientar a situación que viven moitas persoas xitanas que aínda residen en poboados e infravivendas.

Recentemente, a Xunta e o Parlamento Galego volvían conmemorar o 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, como un día para recoñecermos a contribución que os xitanos e as xitanas fixeron á nosa sociedade durante máis de seis séculos de historia compartida, e de dar un paso adiante na loita pola igualdade de oportunidades e de dereitos das persoas xitanas.

Porén, máis alá de declaracións formais, o goberno galego leva anos bloqueando proxectos fundamentais para favorecer esa igualdade e para favorecer a convivencia. Entre eles, salienta o proxecto de erradicación do chabolismo na Fontenla, Maside, que no ano 2008 deixaron practicamente finalizado o Instituto Galego da Vivenda e do Solo, dependente da Consellaría de Vivenda e Solo e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Na altura xa se desenvolveran as actuacións básicas, como son a busca e adquisición dos terreos, adaptación normativa e redacción do proxecto, o acordo firmado cos residentes, o diálogo coa veciñanza conducente á aceptación social do mesmo, compromiso das partidas orzamentarias, etc. De feito, o posterior goberno anunciou a continuidade do proxecto e en numerosas ocasións, anunciando simplemente a modificación da tipoloxía das vivendas, e reiterou anuncios ao longo deste tempo, mais non chegou a efectivizarse nin o máis mínimo avance.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 11:40:52
Nº Rexistro: 53703
Data envio: 16/05/2023 11:40:52.826

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de compromiso do goberno galego coa poboación xitana de Maside e co conxunto da bisbarra do Carballiño non son aceptables e debe iniciar as actuacións pertinentes para corrixir este agravio histórico que leva sendo denunciado durante anos por parte da sociedade civil da comarca e tamén por parte de colectivos e organizacións como o propio BNG do Carballiño, que impulsou a aprobación de numerosas mocións e acudiu á Valedora do Pobo en reiteradas ocasións para solicitar o seu amparo ante esta grave inxustiza social.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son as razóns de que o goberno galego continúe paralizando o proxecto de erradicación da infravivenda e do chabolismo na Fontenla, no Concello de Maside?

Cales son as razóns de que non se executaran as partidas comprometidas a finais do ano 2009 por parte de Núñez Feijoo?

Cal foi o resultado da addenda engadida ao convenio acordado durante o bipartito? Porque non se retomou a actualización do marco de colaboración pasado o ano 2015, que era o previsto pola Xunta para o axuste das súas anualidades?

Cal foi o resultado da execución económica?

Por que o goberno galego non impulsou as actuacións necesarias de actualización normativa, de habelas?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 11:40:52
Nº Rexistro: 53703
Data envio: 16/05/2023 11:40:52.826

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2023 11:38:34

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2023 11:38:38

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 12:12:28
Nº Rexistro: 53708
Data envio: 16/05/2023 12:12:28.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o control e prevención da corrupción na Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de marzo o Consello de Contas de Galiza aprobou o informe de avaliación do sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción na administración xeral da Xunta de Galiza. O informe foi elaborado ao abeiro das competencias que a Lei 8/2015, de 7 de agosto atribúe ao Consello de Contas de colaborar coas entidades do sector público no deseño e implantación de sistemas de prevención da corrupción e na avaliación dos plans de prevención. Este informe ven sendo unha revisión do cumprimento das recomendacións realizadas no Diagnóstico de 2018.

Neste informe de avaliación o Consello de Contas ven constatar que non foi ate maio de 2021 cando a Xunta aprobou o Programa Marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 no que se establecía o deseño dos elementos esenciais do sistema, principalmente dirixido para atender actuacións financiadas co Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia; con medidas aínda pendentes de desenvolver, polo que o órgano fiscalizador considerada que a valoración da implantación dos elementos de control interno "segue situándose nun nivel MEDIO".

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 12:12:28
Nº Rexistro: 53708
Data envio: 16/05/2023 12:12:28.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello de Contas informa que aprobado o marco fican pendentes de implantación aspectos claves para a efectividade do mesmo, como o deseño dos procedementos para a aplicación das medidas ou os mecanismos de control do seu cumprimento.

Na mesma liña na avaliación constatase a necesidade de poñer en funcionamento as unidades previstas para garantir o sistema de integridade, elevar a intervención do Comité de Ética e garantir a publicidade dos seus pronunciamentos, e o cumprimento da Directiva Comunitaria 2019/1937 que esixe a existencia dunha canle externa de denuncias de corrupción, establecendo medidas de protección ao denunciante.

Xa que logo para defensa da integridade e a prevención da corrupción non abonda con anuncios ou meras declaracións intencións senón que cumpre a implementación real de medidas e instrumentos que permitan evitar os riscos e controlar o seguimento dos procedementos establecidos. Resulta elocuente que só un 21% das traballadoras enquisadas recoñeceran ter recibido algunha formación sobre ética en relación co seu traballo.

Tendo en conta o tempo transcorrido e o escaso avance da implantación e aplicación do sistema de control e prevención dos riscos de corrupción, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son as razóns da escasa implantación do sistema de medidas de control interno e prevención de riscos da corrupción na Xunta de Galiza?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 12:12:28
Nº Rexistro: 53708
Data envio: 16/05/2023 12:12:28.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a causa de que só un terzo do persoal afirme ter un bo coñecemento do marco ético da Xunta de Galiza e que só un 21% recoñeza ter algún tipo de formación sobre ética no contexto do seu traballo?

Que actuacións ten previsto realizar para elevar tan escaso grao de coñecemento e formación?

Entende necesario elevar a intervención do Comité de Ética, dotándoo de funcións de asesoramento preceptivo, así como garantir a publicidade dos seus pronunciamentos sobre denuncias?

Ten previsto a Xunta de Galiza a creación dunha canle externa que permita formular denuncias en materia de integridade institucional e corrupción?

Que previsións ten a Xunta de Galiza para corrixir as carencias dos plans elaborados polos centros e completar a ausencia de valoracións individualizadas de riscos, así como aprobar os plans nos centros que aínda carecen deles?

Considera importante a concreción previa dos perfís profesionais dos postos e a motivación dos criterios aplicados na selección de persoal en postos de libre designación?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 12:12:28
Nº Rexistro: 53708
Data envio: 16/05/2023 12:12:28.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2023 12:07:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/05/2023 12:07:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/05/2023 12:07:49

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 12:58:36
Nº Rexistro: 53713
Data envio: 16/05/2023 12:58:36.748

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes **ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva insistindo mediante diversas iniciativas na necesidade que o Goberno galego procedese a un reparto de medios de loita existentes na comunidade autónoma, os reforzos necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes por comarcas e distritos, tal como indicaba o comité de expertos.

Reestruturación da que xa se falaba na época na que a titular do departamento era Rosa Quintana.

Catro anos despois de aprobarse no Parlamento de Galicia, o ditame que recolle esta medida fomos coñecedores polos sindicatos de que despois de anos de espera por unha nova estrutura da Consellería do Medio Rural, o 14 de abril se celebraba unha xuntanza con persoal da Secretaría Xeral e das direccións xerais implicadas na cuestión.

Segundo manifestou a organizacións sindical UGT, foi unha primeira xuntanza, de contido moi escaso con poucas certezas e case ningunha precisión.

Lonxe de amosar a tan ansiada estrutura, coa súa memoria económica, funcional... limitouse a informar sobre unha enquisa, que foi remitida posteriormente ao persoal funcionario pertencentes a estas dúas direccións xerais para coñecer as súas preferencias en canto ao traballo a desempeñar e a súa localidade de preferencia.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por parte de UGT solicitouse:

- Unha enquisa con máis datos para axudar a decidir ao persoal funcionario (queda claro que esta non vai ser vinculante)

− No caso das dúas direccións xerais para técnicos e axentes, unha puntualización xeográfica − No caso do persoal axente o desenvolvemento de regulamento, acordo e comisión de seguimento (neste último apartado para as dúas escalas)

− Que criterios aparte da voluntariedade se van seguir

− Cales van ser os prazos.

Por parte de CC.OO presentáronse as seguintes alegacións:

“Atendendo a que a pretensión última do documento é a posibilidade de aprobación dun plan de ordenación de recursos humanos que se visualizará cunha modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería, consideramos que:

En primeiro lugar, a pretendida división dos efectivos entre as dúas direccións xerais semella argumentarse na diferenciación do exercicio das competencias inherentes a ambos centros directivos, a determinación das funcións que lles atinxen a ambas, determinará como ben sabe a consellaría, de conformidade coa disposición transitoria novena da LEPG determina que as prazas deben ter asignado un complemento específico que estea “destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade”. A relación de funcións e tarefas e a súa

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

valoración, levará á argumentación da asignación do nivel de complemento asociado aos postos.

Solicitase, de conformidade co anterior, que relacionadas as funcións e tarefas a desenvolver en cada un dos centros polos distintos corpos afectados, deben ser obxecto de análise, debate e conclusión.

En segundo lugar a realización dunha consulta de carácter voluntario, que puidera ter o seu sentido, queda alterado ao determinar a proposta a "posible necesidade de modificar o ámbito territorial dalgúns postos de traballo". O documento proposta, non determina cales serán os postos que verán modificado o seu ámbito, motivo polo que se solicita se aclare o mesmo, así como que se citen con claridade as opcións de localidades.

En terceiro lugar, determinase que a enquisa, a realizar, o será sobre o posto de traballo que actualmente se está a ocupar. Consideramos que o que se debe regular é a enquisa debería ser feita atendendo ao posto que se ocupa en posesión con carácter definitivo. Como argumento serva que a tardanza na convocatoria de concursos de traslados fai que unha alta porcentaxe de efectivos pertencentes aos colectivos afectados estean ocupando prazas en comisión de servizos."

Polo que instaban a unha maior claridade e concreción no proceso de reestruturación que quere levar a cabo a Consellería do Medio Rural con respecto á totalidade dos postos afectados para despexar as dúbidas e incertezas actuais.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

1. Que cronograma temporal manexa o Goberno galego para implantar a novo plan de ordenación de recursos humanos da Conselleria do Medio Rural?

2. Que formulación manexa a Xunta de Galicia en relación con esta cuestión?

3. Que informes e memorias se solicitaron e cal é o seu contido?

4. Vai o Goberno galego aceptar as alegacións das organizacións sindicais?

5. De ser positiva a resposta anterior, cales se van incorporar?

Parlamento de Galicia, 16 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/05/2023 12:36:06

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 12:58:36
Nº Rexistro: 53713
Data envio: 16/05/2023 12:58:36.748

Grupo Parlamentario Socialista

Martín Seco García na data 16/05/2023 12:36:18

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 13:07:42
Nº Rexistro: 53717
Data envio: 16/05/2023 13:07:42.279

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

María Leticia Gallego Sanromán, **Patricia Otero Rodríguez** e **Eduardo Ojea Árias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Autoridade Portuaria de Vigo está construíndo un novo recheo fronte ao Auditorio *Mar de Vigo.* O alcalde desta cidade, xa trasladou a Autoridade Portuaria o rexeitamento da cidade a novos recheos e a necesidade de mellorar a relación porto-cidade, pero agora que xa está feito este recheo, ten que se converter nun espazo onde se poida ter actividade de lecer ou deportivas, é dicir un espazo para o goce das persoas.

O Concello de Vigo na revisión do PXOM está promovendo a transformación urbanística da zona comprendida entre Jacinto Benavente e Marqués de Valterra. O obxectivo é xerar un espazo residencial, dotacional e terciario con grandes espazos verdes, que poña en valor o patrimonio arquitectónico e rexenere a cidade neste entorno degradado.

Para conseguir rexenerar o espazo do Auditorio *Mar de Vigo* é fundamental que a Autoridade Portuaria de Vigo cambie a súa forma de actuar, aposte por unha arquitectura de calidade, soterre o viario de Beiramar e converta o novo recheo nun espazo para a cidadanía.

O Porto de Vigo deberá modificar os usos dos edificios entre Beiramar e Jacinto Benavente, soterrar o viario de Beiramar para garantir a accesibilidade ao porto pesqueiro, construír novos aparcadoiros subterráneos (co túnel),

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facilitar o uso da cidadanía do recheo executado fronte ao *Mar de Vigo* e transformar toda a fronte marítima entre este novo recheo e Barreras.

O proxecto do soterramento do viario de Beiramar foi presentado pola Xunta de Galicia en 2009, contaba cun orzamento de 70 millóns, 1,3 km de lonxitude, xeraba un espazo público de 35.000 m2 e estaba destinado a solucionar o problema do aparcamento para 350 prazas.

O 7 de xuño de 2010, a Xunta de Galicia sacou a concurso o proxecto por un importe de 1,3 millóns de euros. Tiña un prazo de execución dun ano, para que as obras puidesen licitarse a partir de decembro de 2011, de acordo cos prazos fixados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. A día de hoxe, o Goberno galego deixou claro que este proxecto non se vai realizar, a pesar de telo sacado a concurso.

Debemos lembrar que o espazo situado entre a rúa Jacinto Benavente e o mar, agás a parcela do auditorio Mar de Vigo, é competencia do Porto de Vigo, tanto as edificacións, os terrenos existentes, como a Avda. de Beiramar.

A transformación urbana da fronte marítima precisa dunha total transformación. Transformación urbana na que representará un papel imprescindible o soterramento do viario de Beiramar.

A implantación do Porto de Vigo no enclave natural da Ría de Vigo, fai preciso compatibilizar o seu funcionamento presente e futuro coa preservación dun entorno natural privilexiado e especialmente sensible. O noso grupo defende o valor ambiental da ría, a súa diversidade, a súa paisaxe e a necesidade de conservar o entorno para manter e potenciar o atractivo da cidade para as súas veciñas, veciños e empresas.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cre a Xunta de Galicia que o nivel de tráfico e contaminación acústica do viario de Beiramar permiten unha axeitada integración entre a cidade e o mar?

2. Cre a Xunta de Galicia que o estado das naves, instalacións e servizos existentes entre Jacinto Benavente e Beiramar responden á imaxe que debería presentar a fachada marítima desta parte da cidade e contribúen a reforzar a transformación iniciada coa construción do Auditorio Mar de Vigo?

3. Cree a Xunta de Galicia que a existencia dun novo recheo en Beiramar dedicado a aparcamento de camións ten un impacto medioambiental positivo e mellora a integración urbana do Auditorio Mar de Vigo?

4. Pensa a Xunta de Galicia mellorar as infraestruturas da cidade de Vigo como fixo noutras cidades galegas?

5.Ten previsto a Xunta de Galicia facer en Vigo un investimento similar ao doutras cidades galegas?

6. Ten pensado a Autoridade Portuaria de Vigo elaborar un proxecto para converter o novo recheo fronte ao Auditorio *Mar de Vigo* nun espazo onde a cidadanía poida ter actividades de lecer?

Parlamento de Galicia, 16 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 13:07:42
Nº Rexistro: 53717
Data envio: 16/05/2023 13:07:42.279

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/05/2023 12:38:11

Patricia Otero Rodríguez na data 16/05/2023 12:38:22

Eduardo Ojea Arias na data 16/05/2023 12:38:35

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 16:36:53
Nº Rexistro: 53724
Data envio: 16/05/2023 16:36:53.326

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e **Gonzalo Caballero Míguez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Segundo a información colgada na páxina web da Xunta de Galicia, o 3 de maio de 2021 o Goberno galego constituíu a sociedade Impulsa cun capital fundacional de 5 millóns de euros, no que a participación no capital social corresponde o 40 % á Xunta de Galicia, 38 % Abanca, 12 % Reganosa e 10 % Sogama, tendo a encomenda de *"dinamizar e ampliar o Polo para a Transformación de Galicia, unha iniciativa que, promovida pola Xunta de Galicia no marco da candidatura aos fondos Next Generation, pretende ser circular, sostible, verde, dixital, viva, inclusiva, xeradora de riqueza no seu entorno e aglutinadora dos intereses de pequenas e medianas empresas, así como de grandes compañías"; x*a que logo, o seu obxectivo debe ser incentivar a actividade produtiva da comunidade a partir da captación de investimentos, a incorporación de socios e a colaboración entre institucións públicas e privadas para a posterior posta en marcha e consolidación de propostas empresariais.

A proposta inicial da Xunta de Galicia para captar parte destes fondos europeos foi de 354 proxectos cos que pretendían mobilizar cerca de 20.000 millóns de euros e segundo as palabras da directora xeral, Enyd López nunha entrevista do 24 de outubro de 2021, "*Elegimos socios muy sólidos para que los proyectos salgan con o sin fondos",* indicando que o labor do dito consorcio non é executar fondos senón buscar os actores máis axeitados para facelo, indicando que dende Impulsa Galicia "*Desarrollamos las ideas, las maduramos para convertirlas en grandes proyectos y las liberamos una vez encontrados los*

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

inversores y tecnólogos adecuados. El plan involucra al tejido empresarial al completo, pero la intención es fomentar la participación de pymes y autónomos, para que sean los principales beneficiarios de estos proyectos tractores que generarán actividad económica y cadenas de valor».

En xuño de 2022, segundo as novas colgadas na páxina web da Xunta de Galicia, o presidente da Xunta de Galicia mantivo unha reunión co comité técnico do dito organismo público-privado na que se avaliou a situación do Polo para a transformación de Galicia e os principais proxectos nos que Galicia está traballando para captar fondos europeos *Next Generation EU*, e o 21 de novembro volveu a reunirse cos socios do dito comité (Abanca, Reganosa e Sogama) para analizar a situación de iniciativas punteiras como os proxectos que xiran en torno á recuperación de fibras téxtis, os avances tecnolóxicos ao servizo da comunidade ou a posta en marcha de alternativas que permitan á sociedade galega e ao seu tecido empresarial competir no ámbito das enerxías.

O 16 de maio, a páxina web da dita sociedade achega información sobre cinco proxectos, os mesmos que hai case un ano sobre:

1. Xestión sostible dos bosques galegos: proxecto tractor baseado na transformación da madeira en fibra téxtil baixo principios de sostibilidade e circularidade, co que se pretende pechar, por vez primeira, o círculo vital da madeira en Galicia e prevé fabricar na nosa comunidade unhas 200.000 toneladas anuais de fibra téxtil sostible, utilizando como materia prima principal a madeira certificada procedente dos nosos bosques, así como residuo téxtil.

Líderes: A papeleira portuguesa Altri é o líder industrial escollido que costeará o deseño e desenvolvemento da iniciativa ata levala ao momento do investimento. Conforme vaia avanzando o proxecto, explorará alianzas con toda a cadea de valor do sector forestal galego.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Investimento: 800 millóns de euros.

Emprego estimado: 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo) e 10.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo).

2. Economía circular: proxecto tractor en virtude do que se levantará un complexo pioneiro que tratará ao ano máis de 7 millóns de toneladas de residuos infrautilizados para a súa valorización e reutilización. O centro focalizará a súa actividade na xestión duns 6 millóns de toneladas de excedente de zurro para a produción de biogás, bioetanol e fertilizantes orgánicos.

Líderes: Repsol, Naturgy e Reganosa.

Investimento: aproximado de 600 millóns de euros.

Emprego estimado: 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo) e uns 1.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo).

3. Xeración de hidróxeno verde: proxecto tractor que prevé o investimento en 100 MW de electrolizadores para a xeración de hidróxeno verde a partir de enerxía renovable co obxectivo de descarbonizar non só a industria que necesite hidróxeno como materia prima, senón introducilo para descarbonizar usos enerxéticos para a mobilidade e para a súa inxección na rede de gasodutos para o seu uso como vector de almacenamento da electricidade renovable.

Líderes: Reganosa e EDP.

Investimento:130 millóns de euros.

Emprego estimado: 250 directos e 150 indirectos.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Recuperación integral e sostible do rural galego: proxecto tractor mediante o que buscamos a revitalización demográfica e económica das áreas rurais de Galicia a través do impulso da actividade económica ligada ao sector primario e á bioeconomía, utilizando novos modelos de negocio adaptados á economía verde e á transición ecolóxica.

Estanse creando aldeas modelo; algunhas delas funcionarán como instrumento de recuperación da terra agraria para poñer en produción, de xeito sostible, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios. Xeraranse produtos agrarios de elevado valor engadido, máxima calidade e producidos con criterios de sostibilidade e circularidade, que serán comercializados mediante unha marca de garantía común.

Investimento: 601,5 millóns de euros.

5. Outros proxectos que se están a desenvolver:

- Nova potencia renovable
- Cadeas loxísticas sostibles
- Centros de investigación e innovación
- Laboratorio dixital
- Dixitalización
- Xestión ambiental

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre o traballo desenvolvido por esta sociedade dende o seu nacemento?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Cal foi a actividade desenvolvida?

3. Cantos e cales son os proxectos nos que está traballando a sociedade e cal é o seu estado de desenvolvemento?

4. Existe algún informe da actividade da empresa? En caso afirmativo, onde está publicado para o seu coñecemento?

5. Cal é o balance de situación e a conta de resultados da dita sociedade?

6. Os proxectos nos que está a traballar a sociedade teñen cabida nalgún dos Perte anunciados polo Goberno do Estado?

7. Que tipo de controis xurídicos e económico-financeiros existen sobre os recursos públicos asignados a dita entidade? Con que garantías e a través de que procesos se está a seleccionar ao persoal directivo da entidade, así como a xestión dos recursos internos desta?

8. Como se están a seleccionar os líderes-operadores privados dos diferentes proxectos e con que garantías de transparencia, con que criterios e salvagardas de publicidade, concorrencia e participación cidadana?

9. Considera a Xunta de Galicia que a mellor forma para seleccionar proxectos de tal envergadura que condicionan de forma relevante o futuro das novas xeracións de cidadáns de Galicia é a través dun proceso sen publicidade, transparencia, nin criterios obxectivos explicitados?

10. Ten aprobado a Sociedade Impulsa un plan de medidas antifraude e de prevención de riscos de xestión? Un código ético de conducta? Un protocolo de prevención dos conflitos de intereses e ou o dobre financiamento?

11. Ten implementado un canal de denuncias interno como mecanismo de prevención da fraude na xestión pública e unha cartografía dos riscos de xestión?

12. Que participación se lle outorga á Administración local de Galicia en relación coa Sociedade Impulsa?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

13. Que papel vai ter esta sociedade con respecto á sociedade anunciada polo presidente da Xunta de Galicia para "*velar para que o rendemento económico dos recursos naturais de Galicia revertan en Galicia*"?

Parlamento de Galicia, 16 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/05/2023 12:41:33

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/05/2023 12:41:48

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 17:18:24
Nº Rexistro: 53729
Data envio: 16/05/2023 17:18:24.498

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Eduardo Ojea Árias e **Patricia Otero Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Lei de vivenda aprobada recentemente no Congreso dos Deputados é a primeira norma ao longo da democracia que desenvolve o dereito constitucional a unha vivenda digna e axeitada. Trátase dunha lei transversal, rigorosa, sólida e compacta que blinda a función social que debe cumprir este sector.

Esta lei está pensada para responder ás necesidades das persoas e dos fogares con máis dificultades, por enriba de todo a xente moza para que realicen os seus proxectos vitais, e teñan a posibilidade de acceder a unha vivenda a prezos alcanzables co fin de facilitar a súa emancipación.

Establece accións sobre os prezos, limitándoos nas áreas onde a carga media do custo do alugueiro ou da hipoteca máis as subministracións básicas supere o 30 % da renda media dos fogares, ou que o prezo tanto de compra como de alugueiro aumentase, polo menos, dous puntos enriba do IPC nos 3 anos anteriores á declaración de área tensionada.

O limite de prezos dos grandes tenedores vai asociada a un índice de contención, e a actualización anual dos contratos vai do 2 % no ano 2023 ao 3 % en 2024 e, posteriormente, haberá un novo índice inferior ao IPC que estableza un tope aos aumentos da renda.

Nesta lei diferenciase entre propietarios particulares e grandes tenedores, titulares de 10 vivendas residenciais ou de 5 nas zonas tensionadas.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Prohíbense os desafiuzamentos sen data e hora determinada, coa posibilidade de aprazar o proceso máis de dous anos, establece para as CC.AA e os concellos instrumentos que eviten os desafiuzamentos inxustificados.

O equilibrio entre arrendador e arrendatario sae reforzado, cunha prórroga extraordinaria dun ano, por vulnerabilidade social ou económica recoñecida. Os gastos de xestión inmobiliaria serán a cargo do arrendador.

Por tratarse dunha lei de carácter estatal serán as comunidades autónomas as encargadas de levar esta nova lei á practica, así no Estatuto de autonomía de Galicia establécese como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia deberá establecer políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

O acceso a unha vivenda digna é un dos problemas fundamentais nestes anos para moitos cidadáns e cidadás e para unha mocidade empobrecida e incapaz de independizarse.

As cifras sobre impulso de vivenda pública nestes anos de goberno do Partido Popular son irrisorias, abonda con coller datos oficias do Instituto Galego de Vivenda e Solo ou do Instituto Nacional de Estatística.

A construción de vivendas de promoción pública en Galicia segue en niveis moi baixos, con 8 millóns para 2023. En 2009 o orzamento era de 52 millóns de euros para construción de vivendas. Galicia ocupa a última posición entre as comunidades autónomas, na construción de vivenda protexida en relación coa construída.

A nosa comunidade é das últimas en emancipación da mocidade, só un 15,1 % dos mozos e das mozas logra independizarse.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A vivenda baleira, representa un 21 % das vivendas totais rexistradas no catastro e as administracións non son capaces de mobilizala nun contexto de axudas económicas a rehabilitación.

Os prezos da vivenda en propiedade seguen á alza e o mesmo sucede cos alugueiros que están en máximos dende que hai datos comparables, alugueiros, que en certas zonas están asociados ao aumento excesivo de vivendas para uso turístico.

A falla de políticas públicas en materia de vivenda e o recorte de medidas sociais son motivos obxectivos que poden influír no incremento de ocupación de vivendas.

A baixa execución orzamentaria da Xunta é outro problema a resolver para poder dar resposta á falla de vivenda de protección para o alugueiro social, para a xente moza e para as persoas máis vulnerables.

Corresponde a cada administración, tanto autonómica como local a decisión de aplicar ou non moitas das medidas introducidas no novo texto lexislativo que regula o dereito a unha vivenda digna e adecuada.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego da primeira Lei de vivenda da democracia recentemente aprobada?

2. Ten previsto aplicala na súa totalidade na comunidade autónoma de Galicia?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Que medidas desa lei se aplicarán para resolver os problemas que Galicia ten en materia de vivenda?

4. Considera o Goberno galego que as mozas e os mozos de Galicia verán mellorada a súa capacidade de emancipación coa aplicación desta lei de vivenda?

Parlamento de Galicia, 16 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2023 17:18:24
Nº Rexistro: 53729
Data envio: 16/05/2023 17:18:24.498

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 16/05/2023 17:12:44

Patricia Otero Rodríguez na data 16/05/2023 17:12:53

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2023 09:54:22
Nº Rexistro: 53734
Data envio: 19/05/2023 09:54:22.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as opinións verquidas sobre o galego no Faladoiro do Galiza por Diante no Día das Letras Galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de maio conmemórase no noso país o Día das Letras Galegas, este ano adicado á figura de Francisco Fernández del Riego, un dos promotores da instauración desta data no calendario.. Trátase dunha xornada destinada á promoción e difusión da nosa cultura e o noso idioma que, en verbas da propia Academia da Lingua, "está consagraa á exaltación e promoción da nosa literatura e da nosa lingua arredor da cal se celebran no noso país, e no estranxeiro, numerosas producións e eventos culturais de homenaxe á figura escollida".

A proposta deste día foi feita o 20 de marzo de 1963 (este ano cumpríronse 60 anos), coincidindo co centenario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, cando os académicos de número Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo propuxeron a celebración do Día das Letras Galegas, proposta que foi aceptada o 28 de abril dese mesmo ano.

Por outra banda, a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia recolle no seu artigo 4 (principios inspiradores e

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2023 09:54:22
Nº Rexistro: 53734
Data envio: 19/05/2023 09:54:22.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alcance) un apartado *1.b* que reza "a promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galiza".

Ademais diso, o artigo 5 desa mesma lei (Obxecto do servizo público) establece que:

"*Artigo 5. Obxecto do servizo público.*

1. *O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programación diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega*".

E o

"*Artigo 6. Uso da lingua galega*

A lingua da Corporación RTVG é o galego; xa que logo, a prestación do servizo de comunicación audiovisual por parte da devandita sociedade e as comunicacións que efectúe ao persoal dependente dela no exercicio das súas tarefas serán en lingua galega".

Tendo en conta ambas cuestións resulta realmente escandaloso o acontecido no Faladoiro do Galicia por Diante (Radio Galega) emitido na data de celebración das Letras Galegas.

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2023 09:54:22
Nº Rexistro: 53734
Data envio: 19/05/2023 09:54:22.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese Faladoiro dous dos participantes cuestionaron a "utilidade" da lingua galega e criticaron a súa "imposición", até o punto de mentir afirmando que a meirande parte das materias nos centros de ensino son impartidas en galego.

Así, María Jamardo, xornalista en *El debate* e quen fora presidenta do partido Sociedad Civil y Democracia (SCD), partido fundado polo empresario e político Mario Conde, que foi condenado a 20 anos de prisión por delitos de estafa e apropiación indebida, asegurou que "non se poden impor a linguas como elemento distorsionador da convivencia social".

Para alén diso, Jamardo cuestionou a utilidade da lingua galega ao dicir que "o inglés é un idioma internacional que se emprega en todas as disciplinas profesionais hoxe en día e o galego é unha lingua territorial e moi concreta que se pode empregar na Galiza pero que non a podes empregar en ningún outro lugar do mundo".

Pola súa parte, o xornalista Pablo Acción tamén causou controversia cos seus comentarios ao asegurar que "temos que afastarnos de imposicións que non conducen a nada, porque non se pode impor por decreto. Isto só conduce a que certa xente lle colla xenreira ao galego".

Estes comentarios contradín os datos que se veñen publicando nas últimas datas e que apuntan a unha regresión clara no uso da lingua por parte da cidadanía galega.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que ten que dicir o director xeral da CRTVG en relación coas expresión galegófobas vertidas no Faladoiro do Galicia por Diante da Radio Galega no 17 de maio, día das Letras Galegas?

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2023 09:54:22
Nº Rexistro: 53734
Data envio: 19/05/2023 09:54:22.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Están a cumprir coa súa obriga de defensa e promoción da lingua galega emitindo ese tipo de opinións nos nosos medios públicos?

- Que criterios de pluralidade e representatividade social esgrime a dirección da CRTVG para dar cabida ás ideas de SCD nos medios públicos de Galiza?

- Van tomar algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/05/2023 09:53:13

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2023 09:53:19

María González Albert na data 19/05/2023 09:53:34

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2023 13:22:21
Nº Rexistro: 53736
Data envio: 19/05/2023 13:22:21.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torre e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as presuntas irregularidades no proceso de selección para a praza de auxiliar de biblioteca da Lama.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Nas pasadas semanas saíron á luz pública numerosas denuncias de irregularidades no proceso de selección para a praza de auxiliar de biblioteca/OMIX do concello da Lama:

-No temario do concurso oposición, que non está accesíbel na web do concello.

-Na conformación do tribunal e nos cambios que se produciron na súa composición.

-No desenvolvemento das probas, sen as necesarias garantías de imparcialidade.

A polémica que rodea este proceso está relacionada co feito de que unha das dúas persoas que aprobaron o primeiro exame sexa o candidato do PP á alcaldía do concello de Ponte Caldelas, que ademais realiza diferentes traballos de comunicación para os concellos de A Lama, Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro e Portas, gobernados polo PP.

2. Na denuncia pública que se fixo destes feitos fíxose referencia a un presunto caso de enchufismo por parte de institucións gobernadas polo PP, que supostamente

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2023 13:22:21
Nº Rexistro: 53736
Data envio: 19/05/2023 13:22:21.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estarían favorecendo a un destacado representante do PP na comarca, o candidato á alcaldía de Ponte Caldelas Antón Xíl Alcántara, persoa que ademais ten diversos contratos con concellos do PP en materias de absoluta confianza e que requiren unha estreita relación de carácter profesional e político. Entre estes concellos, a devandita persoa realiza traballos de máxima confianza para o concello da Lama, co que ten un contrato menor para a xestión da web municipal e redes sociais, ademais de exercer como responsábel da radio municipal Radio Nova.

3. Resulta de interese coñecer se a citada persoa ou algunha das súas empresas teñen relacións contractuais ou realizan traballos para a administración galega.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como valora o goberno galego as denuncias sobre irregularidades no proceso de selección de auxiliar de biblioteca do concello da Lama?

-Mais alá das denuncias sobre a legalidade do procedemento, como valora a Xunta que o candidato á alcaldía de Ponte Caldelas polo PP e principal aspirante a esta praza logo do primeiro exame realice traballos de confianza política para varios concellos do PP da comarca, incluíndo o concello da Lama?

- Adxudicou a Xunta traballos ou contratos ao candidato do PP de Ponte Caldelas ou a algunha das súas empresas?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2023 13:22:21
Nº Rexistro: 53736
Data envio: 19/05/2023 13:22:21.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/05/2023 13:20:11

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2023 13:20:16

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 09:39:57
Nº Rexistro: 53665
Data envio: 15/05/2023 09:39:57.419
Data 15/05/2023 09:39

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 44556,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"o proxecto de Rede Eléctrica Española do trazado da liña de alta tensión que determine a localización exacta da subestación eléctrica de Abegondo"** (publicada no BOPG número 419 do 9 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación,** que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 45530 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2023 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YmE3OTM1NzMtNjVlNS00MTFjLWE4MzYtOTAxZmRhYmYzN2M4&start=5465.463

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do

Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdlQ4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 09:39:57
Nº Rexistro: 53665
Data envio: 15/05/2023 09:39:57.419

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/05/2023 7:39:55

CSV: BOPGDSPG-nQxdtdIQ4-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2023 09:39:51
Nº Rexistro: 53664
Data envio: 15/05/2023 09:39:51.153
Data 15/05/2023 09:39

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 44557,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Ramón Fernández Alfonzo sobre **"o proxecto de Rede Eléctrica Española do trazado da liña de alta tensión que determine a localización exacta da subestación eléctrica de Abegondo"** (publicada no BOPG número 418 do 7 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación,** que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 45530 que tivo lugar na sesión do 15 de febreiro de 2023 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YmE3OTM1NzMtNjVlNS00MTFjLWE4MzYtOTAxZmRhYmYzN2M4&start=5465.463

